


PODO ASISTIR COMO PÚBLICO A UN EVENTO DEPORTIVO OU A UNHA INSTALACIÓN DEPORTIVA?

Si, podes asistir como público a adestramentos, competicións e a eventos deportivos.

Deberás permanecer sentando e respectando sempre a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros, ou o uso da máscara. O aforo non poderá superar o 75% de capacidade máxima permitida, cun límite de 300 persoas para lugares pechados e de 1.000 persoas nas actividades ao aire libre.



XUNTA DE GALICIA




DEPORTE GALEGO

#SENTIDIÑO

PROTEXÁMONOS A NÓS MESMOS
E AOS QUE NOS RODEAN

DEPORTE CON SENTIDIÑO

PREGUNTAS FRECUENTES



#SENTIDIÑO

PROTEXÁMONOS A NÓS MESMOS
E AOS QUE NOS RODEAN

PREGUNTAS FRECUENTES

¿QUE DEPORTE PODO PRACTICAR AO AIRE LIBRE?

Calquera actividade física ou deportiva individual ou colectiva, pero **sempre sen contacto**.

¿CANDO TEÑO QUE USAR MÁSCARA?

Cando practiques deporte ao aire libre en grupo e non se poda gardar a distancia de 1,5 metros entre os practicantes.

Tamén, cando esteas nunha instalación deportiva durante o tempo de circulación entre espazos comúns, salvo que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal.

¿CANTAS PERSOAS NOS PODEMOS XUNTAR PARA PRACTICAR DEPORTE?

Ata 25 persoas, tanto ao aire libre como nunha instalación (sempre que non se superen os dous terzos da capacidade máxima permitida).

Lembra que a práctica ten que ser **sempre sen contacto** e que debes gardar a **distancia interpersoal** de, alomenos, 1,5 metros. Se non fose posible, teredes que usar **máscara**.



¿PODO IR AO XIMNASIO OU Á PISCINA, RESERVAR UN PAVILLÓN, UTILIZAR UNHA PISTA DEPORTIVA...?

Si. As instalacións deportivas poden ser usadas para a práctica individual ou en grupos de ata 25 persoas sempre que non se superen os dous terzos da capacidade máxima permitida (lembra: sen contacto e 1,5 metros de distancia ou máscara).

No ximnasio, no pavillón, ou en calquera outra instalación, terás que seguir as seguintes normas:

1. Con carácter xeral, non se compartirá ningún material e, se isto non fose posible, garantirase a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado.
2. As bolsas, mochilas e efectos persoais só se poderán deixar nos espazos habilitados para esa fin.
3. Non se poderán compartir alimentos nin bebidas.
4. Antes de entrar e ao saír do espazo asignado, deberás limpar as mans cos hidroxeles que estarán dispoñibles para o efecto.
5. Os técnicos, monitores ou adestradores deberán manter a distancia de seguridade interpersoal ou utilizar máscara.
6. Utilizarase a máscara durante o tempo de circulación entre espazos comúns, salvo que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal.

Consulta o PROTOCOLO DE SEGURIDADE CONTRA A COVID da túa instalación.



¿SE SON DEPORTISTA FEDERADO OU PERTENZO A UN CLUB?

A práctica do deporte seguirá neste caso o PROTOCOLO que aprobe a túa federación para adaptar a túa modalidade deportiva ás medidas de protección fronte á COVID. Os adestramentos e as competicións seguirán estas normas que se toman para a túa seguridade.

SEGUE EN VIGOR O SEGURO DEPORTIVO XOGADE 6/16?

Si, o seguro deportivo gratuíto 6/16 anos da actividade federada do programa XOGADE está en vigor. A túa práctica deportiva está cuberta por tanto nos mesmos termos. Consulta a cobertura e póliza no sitio web https://xogade.xunta.gal/adjuntos/documentos/8_1_pr%C3%B3rroga....pdf

PODO PARTICIPAR NUN EVENTO DEPORTIVO?

Si. Consulta as normas e o protocolo de seguridade contra a COVID do organizador do evento e lembra que, en todo caso, tes dereito ao seguro de asistencia sanitaria. Se vas como público, recorda que deberás permanecer sentado.

